



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400ª

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: CONVOCATORIA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 13 DE AGOSTO DE 2026

EXPEDIENTE: 2026/G007/000018

Considerando que no día de onte, 11/08/2026, en cumprimento do acordo adoptado polo pleno na sesión extraordinaria celebrada o día 13/07/2023, someteuse á Comisión Especial de Contas o seguinte expediente/asunto “*Establecemento e regulación do prezo público polo servizo de “Madrugadores” no CEIP Joaquín Rodríguez Otero*”, sendo o mesmo ditaminado favorablemente polo citado órgano.

Considerando que unha vez ditaminado o referido asunto este debe ser sometido á Xunta de Goberno Local para que se proceda á adopción do correspondente acordo, actuando esta no exercicio das competencias que lle teñen sido delegadas polo pleno, en virtude do xa mencionado acordo plenario do 13/07/2023.

Considerando que a adopción pola Xunta de Goberno Local do correspondente acordo en relación a este asunto non pode ser demorado no tempo, pola proximidade das datas previstas de inscrición, sendo preceptivo, ademais, realizar as correspondentes publicacións.

Así, pois, á vista do exposto é polo que, de conformidade co establecido no art. 46.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime Local, no art. 113 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e o acordo plenario de data 13/07/2023, así como a Resolución desta Alcaldía núm. 426/2023, de data 17/07/2023,

RESOLVO:

Primeiro. Convocar sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, que terá lugar na Casa do Concello (Alcaldía), o vindeiro día **13 de agosto de 2026 (xoves) ás 13:30 horas**, coa seguinte orde do día:

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria, expte. 2026/G007/000011, de data 15 de maio 2026.

2º.- Establecemento e regulación do prezo público polo servizo de “Madrugadores” no CEIP Joaquín Rodríguez Otero.

Segundo. Notificar a presente resolución, con indicación dos recursos que proceda, aos Sres./Sras. concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local e proceder a súa publicación no taboleiro de anuncios do concello.

En Malpica de Bergantiños, asinado dixitalmente polo Sr. alcalde, Eduardo J. Parga Veiga, ante min, a secretaria, Mª Loreto López Fernández, que asino aos únicos efectos de fe pública (artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo).